



PROXECTO LECTOR



CEIP DA BARQUEIRA, CERDIDO
CURSO 2022/2023



PROXECTO LECTOR

1. INTRODUCCIÓN, CONTEXTUALIZACIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO.

O CEIP A Barqueira está situado na parroquia de A Barqueira, concello de Cerdido. Máis concretamente, estamos situados nun municipio da comarca do Ortegal, na provincia de A Coruña, xunto cos municipios de Cariño, Mañón e Ortigueira. Limita ao norte con Cedeira, ao este con Ortigueira, ao sur con Somozas e Moeche e ao oeste con Valdoviño.

O noso centro conta actualmente cun total de corenta e oito alumnos e alumnas, trece en infantil e trinta e cinco na ensinanza primaria. Fai un total de tres aulas mixtas (unha de EI e dúas de EP) e dúas aulas puras (de EP).

Este Proxecto Lector, ten como referencia a actual lexislación, *Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei 2/2006 do 3 de maio de educación*, así como os seus decretos de Educación Infantil e Educación Primaria, *Decreto 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de EI na CCAA de Galicia*, e *Decreto 155/2022 de 15 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo de EP para a CCAA de Galicia*.

Ao longo do tempo, os docentes observan que existen fortes dificultades do alumnado con respecto á lectura, tales como:

- Dominio insuficiente da mecánica de lectura e da escritura.
- Expresión oral e escrita mellorable.
- Vocabulario pouco extenso e con tendencia á repetición de palabras.
- Pouca motivación de cara á lectura no seu tempo de ocio.
- Non concluir os libros a ler, as eleccións lectoras non se axustan ás necesidades.
- Mala comprensión lectora.
- Deficiencia á hora de buscar información e contrastala en varias fontes.

Debido á indiscutible importancia que a habilidade lectora ten tanto nas actividades escolares como na contribución ao éxito fóra da escola, o profesorado do CEIP da Barqueira queremos fomentar o gusto pola lectura no noso alumnado implicándonos na posta en práctica dun proxecto lector que ten como obxectivo prioritario desenvolver a mellora das habilidades lectoras do alumnado tanto no plano expresivo como comprensivo.

Aínda que a biblioteca será o punto de partida de todas as actuacións, tamén teremos en conta a necesidade de traballar a lectura nas aulas día a día. Tal e como recolle a



lexislación vixente ao respecto adicaremos diariamente un tempo á lectura, introducindo unha sesión diaria fixa de 20 minutos. Desta maneira, implicarase a todo o profesorado, que poderá facer desde lectura silenciosa ou en grupo, ata dramatizacións, lectura de artigos periodísticos, contos relacionados coas matemáticas, lectura en linguaxe de programación, etc.

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA.

2.1. ORGANIZACIÓN ACTUAL DA BIBLIOTECA.

No curso 2011-2012a biblioteca incorporouse ao Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE), asemade, no curso escolar 2019/2020 pasouse a formar parte da Biblioteca Creativa e da Radio na Biblio e no 2022/2023 no Club de Lectura (todos estes proxectos pertencentes ao Plambe) e o profesorado integrante do grupo participou en diferentes cursos de formación relacionados coa xestión e dinamización da biblioteca de centro.. Este proxecto será unha continuidade destas actuacións que se pretenden desenvolver e potenciar.

Actualmente, por mor do espazo, a Biblioteca está dividida en catro estancias: a Biblioteca; o espazo científico, onde se atopan libros de consulta, espazo maker, de robótica, de experimentos e de creación de vídeos e videoxogos; o espazo creativo, destinado a obradoiros de cociña e manualidades e a aula de radio, co equipamento para facer programas e podcast.

O catálogo da Biblioteca está informatizado empregando o programa Koha, programa ao que se migrou o curso escolar 2021/2022. Cómpre destacar que a Biblioteca recibe fondos extraordinarios para o desenvolvemento dos proxectos expostos anteriormente.

2.2 PRÁCTICAS LECTORAS

No centro somos conscientes da relevancia e da inportancia da lectura, da comprensión lectora e das competencias derivadas da mesma, é por isto, que se desenvolven actividades encamiñadas á súa mellora. Unha lectura deficiente repercute nos seguintes aspectos:

- No dominio da lectura e da escritura, que incide directamente na expresión oral e escrita.
- No vocabulario e na comprensión.
- No desenvolvemento e alcance dos obxectivos das áreas de coñecemento e das competencias clave.
- Na selección da información relevante.



Na maioría dos casos non existe coordinación á hora de traballar nos distintos cursos e niveis, e isto sucede tamén coa lectura, polo que, intentarase sentar aquí as bases de actuación que nos permitan mellorar a competencia lectora e o fomento do hábito lector do noso alumnado, tanto de infantil como de primaria.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DAS NECESIDADES E ACTUALIZACIÓN DE FONDOS.

O equipo da biblioteca e o equipo TIC do centro están intimamente relacionados, xa que a Biblioteca non so é un espazo de lectura, senon que concíbese como un espazo de esparcemento, investigación, enxenería, etc. As competencias STEM, intimamente relacionadas co equipo TIC, son parte indisoluble da actual biblioteca do centro.

Preténdese que as alumnas e alumnos aprendan a empregar as novas tecnoloxías como unha ferramenta útil de busca de información que facilite a súa aprendizaxe, que se inicie no método científico, na robótica e na programación, na creación de podcast, vídeos e videoxogos, así como tamén que desenvolvan a súa creatividade a través das manualidades e a cociña, e que, por suposto, adquiran fruición pola lectura e polos libros como forma de ocupar o tempo de lecer.

A renovación de fondos é imprescindible para facer chegar a biblioteca aos nenos e nenas, por tanto, o expurgo daqueles exemplares que xa non sexan válidos tamén terá que terse en conta.

4. OBXECTIVOS

A finalidade principal deste proxecto será mellorar a práctica da lectura en Educación Infantil e Educación Primaria, e os seus obxectivos xerais serán:

1. Favorecer que o desenvolvemento da competencia lectora se converta nun asunto prioritario para todo o profesorado.
2. Potenciar o desenvolvemento do hábito lector e a mellora da competencia lectora desde todas as áreas do currículo introducindo nas programacións didácticas as estratexias metodolóxicas que se consideren axeitadas.
3. Unificar conceptos básicos sobre o proceso de lectura, a comprensión lectora e o tratamento da lingua escrita en xeral.
4. Favorecer a adquisición, por parte do alumnado, ao longo da etapa educativa, de habilidades e procedementos para o acceso á información e o seu tratamento.



5. Mellorar a capacidade lectora do alumnado, non só a nivel mecánico, senón tamén a nivel da comprensión lectora.
6. Mellorar tanto o vocabulario coma a expresión oral e escrita de todo o alumnado.
7. Favorecer a aprendizaxe autónoma por parte do alumnado.
8. Dinamizar o uso da biblioteca escolar con finalidades recreativas, informativas e de educación permanente. Neste apartado intentaremos a formación de usuarios para que sexan capaces de desenvolverse no uso da biblioteca.
9. Espertar nos nenos e nenas o gusto pola lectura como fonte de diversión.
10. Desenvolver as competencias STEM.
11. Fomentar a creatividade.
12. Realizar actividades de animación lectora.
13. Xestionar e organizar a biblioteca co obxecto de proporcionar un continuo apoio ao programa de ensinanza-aprendizaxe.

5. PLAN DE USO DA BIBLIOTECA COMO PRINCIPAL RECURSO PARA O PLAN LECTOR.

5.1 Xestión e organización: responsable e grupo de apoio.

Para lograr o desenvolvemento deste plan lector está xa designada unha encargada da súa dinamización que, en colaboración co equipo de biblioteca e seguindo o establecido na Orde do 17 de xullo do 2007 (DOG 24 de xullo de 2007), levará a cabo as seguintes funcións

- Elaborar o proxecto anual de lectura e uso da biblioteca escolar.
- Realizar o tratamento dos fondos: seleccionar, organizar, clasificar e catalogar. Na actualidade xa está iniciada a informatización da biblioteca co programa Koha pero faltan por catalogar e organizar, seguindo a clasificación decimal universal (CDU) a maior parte dos fondos.
- Informar ao Claustro das actividades da biblioteca e integrar as súas suxestións.
- Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta.
- Definir os criterios para o préstamo.
- Asesorar ao profesorado en técnicas de animación á lectura e calquera tipo de actividade que contribúa a mellorar a competencia do alumnado en lectura, expresión e comprensión.



-Coordinar o equipo de apoio á biblioteca escolar.

-O equipo de biblioteca estará formado por profesorado de educación infantil e primaria que traballarán en coordinación coa profesora responsable da biblioteca para a consecución dos obxectivos previstos e a posta en marcha das actividades organizadas. Así mesmo recollerán propostas e suxestións de cada equipo de ciclo coa fin de mellorar as intervencións e a competencia lectora e as habilidades de traballo intelectual.

5.2 Planificación das actuacións xerais.

Levaranse a cabo diversas actividades dentro do horario escolar dedicado a cada área. Será preciso chegar ao convencemento de que o tempo dedicado á lectura e a todo o relacionado coa mesma é unha gran inversión para o desenvolvemento das destrezas lectoras que nos levará a unha melloría na adquisición de coñecementos. Distinguiranse dous tipos de actividades:

5.2.-1 Actividades para a formación de usuarios coa finalidade de asegurar o desenvolvemento autónomo e seguro de todo o alumnado no espazo da biblioteca:

-Organizar a biblioteca escolar de forma que haxa un lugar destinado ao alumnado de educación infantil e primeiro ciclo de primaria e outro para uso dos nenos de nenas do segundo e terceiro ciclo de primaria (sempre dentro do espazo da Biblioteca Escolar, tal e como indican as instrucións de Plambe).

-Realizar visitas á biblioteca para coñecer a organización da mesma. Informar tanto ao alumnado como ao profesorado en xeral, da organización da biblioteca para que podan acceder e utilizar os fondos sen dificultade.

-Explicación sinxela das táboas da CDU a partir do segundo ciclo de educación primaria.

-Distribuír os libros destinados aos máis pequenos nos andeis que poden alcanzar sen dificultade.

-Sinalizar con cores cada unha das seccións da biblioteca.

-Continuar coa catalogación e organización tanto dos recursos xa existentes no Centro e que aínda están por inventariar coma de todas as novas adquisicións.

-Dar a coñecer as normas de uso da biblioteca e o horario de cada un dos niveis educativos.

5.2.2 Actividades para mellorar a competencia lectora, o interese pola lectura como fonte de diversión e o desenvolvemento autónomo do alumnado:



- Decorar a biblioteca escolar con motivos suxestivo para os nenos e nenas.
- Colocar un expositor para mostrar as últimas adquisicións.
- Programar trimestralmente actividades de animación á lectura relacionadas coas celebracións do calendario escolar e das festas cíclicas tales como: Conta - contos, obradoiros de teatro e literatura, periódico escolar, tradicións orais e traballos de investigación, etc.
- Dar a coñecer as actividades e novidades a través da páxina web do Centro.
- Realizar préstamos ao alumnado e a outros membros da comunidade educativa.
- Establecer prioridades para novas adquisicións.

5.3 Planificacións específicas.

Hai aspectos que será preciso concretar e temporalizar ao inicio de cada curso escolar de maneira consensuada entre os responsables de cada actividade. Por este motivo as actuacións concretas programaranse ao inicio de cada curso escolar e reflectiranse no plan anual de lectura distribuídas por trimestres.

5.4 Horario e normas de uso da biblioteca

O uso da biblioteca escolar rexerese polas normas e horario que a continuación se relacionan:

- A biblioteca estará aberta durante todo o horario lectivo (10:00-17:30).
- Ao principio de cada curso escolar establecerase un horario que se reflectirá no plan anual de lectura. Neste horario indicaranse as sesións que estarán dedicadas á xestión e organización da biblioteca e aquelas que se lle asignan a cada nivel educativo.
- O profesor/a titor/titora ou profesorado especialista que acuda co seu alumnado será o/a responsable da biblioteca escolar nese momento.
- A profesora responsable da biblioteca escolar será a encargada de establecer as quendas correspondentes de forma que cada nivel poda acudir, como mínimo, unha hora semanal. Este horario concretarase no plan de lectura ao inicio de cada curso escolar.
- Fóra do horario que cada nivel teña asignado, cada profesor ou profesora poderá acudir cos seus alumnos cando a biblioteca estea libre, evitando que haxa interferencias no seu uso.



- A biblioteca abrírase nos recreos dos luns, mércores e xoves para a realizacións de obradoiros.
- Os usuarios da biblioteca quedan obrigados a respectar as normas elementais de comportamento que garantan o correcto funcionamento da mesma.
- Os alumnos e alumnas poderán levar ao seu domicilio calquera libro ou revista agás aqueles que nas opcións de préstamo non permitan o empréstito.
- O período de tenencia dos libros de literatura será como máximo de 15 días se ben poderá ser variado a criterio do profesor que realice o empréstito.
- O profesorado poderá configurar unha biblioteca de aula con todo tipo de material (libros de literatura, DVDs, dicionarios, enciclopedias). O tempo de tenencia deste material será dun mes como máximo, así como o número de libros será de 20 (salvo causa debidamente xustificada).
- Cando a un libro se lle cause un dano grave ou se perda, será abonado o importe do mesmo ou deberá ser repostado.

6- AMBITOS DE APLICACIÓN DO PROXECTO

Dado que a escola non é o único lugar onde se pode animar a ler, pretendemos que neste proxecto lector estea implicada toda a comunidade educativa e o seu entorno:

6.1 O profesorado.

Dada a importancia deste sector da comunidade educativa para acadar os obxectivos deste proxecto teranse en conta unha serie de estratexias:

- Incluír nas súas programacións didácticas estratexias metodolóxicas para a mellora da competencia lectora do seu alumnado.
- Colaborar nas actividades de fomento da lectura que se propoñan no centro.
- Incorporar a biblioteca como elemento didáctico ás súas actividades de aula nos campos da comprensión e escritura.
- Levar a cabo os empréstitos e devolucións cando acuda cos seus alumnos e alumnas á biblioteca.
- Intercambiar ideas e materiais cos compañeiros e compañeiras.
- Facer suxestións e propostas de mellora do plan.



6.2 O alumnado

Como verdadeiros protagonistas deste Proxecto é fundamental o labor de motivación cara a lectura e o uso da biblioteca escolar e, en definitiva, das bibliotecas como centros de coñecemento e diversión. Tendo en conta todo isto, o alumnado deberá:

- Coñecer e respectar as normas da biblioteca
- Segundo o nivel educativo, descubrir como están dispostos os libros na biblioteca.
- Colaborar co profesorado, a partir do segundo ciclo de primaria, nos empréstitos e devolucións.
- Participar activamente nas actividades deseñadas no plan anual de lectura.

6.3 As familias.

Sabemos que os primeiros anos dos nenos e nenas son fundamentais para o seu desenvolvemento. Así pois é fundamental estimular o amor á lectura desde o berce e as familias son as primeiras responsables desta tarefa. A continuación enumeramos algúns consellos para implicalas neste proxecto:

- Empezar a contar historias aos seus fillos/as o antes posible, mesmo ao nacer.
- Fixar unha hora ao día para facer a lectura.
- Utilizar un asento cómodo, lonxe de calquera distracción.
- Involucrar aos nenos e nenas na lectura pedíndolles que sinalen os obxectos, que falen acerca das ilustracións, repitan palabras...
- Pedirlles que lles lean algún fragmento en voz alta. Será interesante tamén alternarse na lectura dun relato para que o neno ou nena non se canse.
- Aproveitar datas importantes para agasallar con libros.
- Ler unha e outra vez os libros favoritos dos seus fillos cando estes o pidan.
- Ler na casa para que sexan estímulo para os seus fillos e os imiten.
- Participar nas actividades lectoras propostas polo centro.

6.4 Outras institucións do entorno.

Ven sendo habitual neste centro que o Concello de Cerdido e a AMPA colaboren co noso Centro para ofertarnos actividades para o alumnado. Por este motivo continuaremos en estreita relación con estas institucións para aproveitar todas aquelas actividades que poidan ser interesantes para a mellora da competencia na lectura e a animación á mesma.



7- NECESIDADES E COMPROMISOS DE FORMACIÓN

Creemos conveniente que cada curso escolar, as persoas que formen o equipo de apoio, participe nas actividades de formación que convoquen os centros de formación do profesorado á fin de poñerse ao día no manexo do programa de xestión e organización. Tamén será interesante a formación en todo o que se relacione coa metodoloxía da lecto-escritura e as técnicas de animación á mesma.

8- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

A avaliación do proxecto lector levarase a cabo tendo en conta todos os sectores implicados. Os primeiros responsables de levalo a cabo serán a profesora encargada da dinamización e o equipo directivo. Para a avaliación terase en conta non só os índices de lectura senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia de comunicación lingüística así como a actitude cara a lectura e expresión escrita como medio de aprendizaxe e diversión. A avaliación irá enfocada a detectar as disfuncións que se produciran na súa aplicación para reformalo nos curso seguintes e poder así acadar os obxectivos propostos. Para levala a cabo contaremos con instrumentos de avaliación tales como:

- Probas de avaliación da habilidade e competencia lectora do alumnado.
- Enquisas relativas á utilización da biblioteca do Centro e os hábitos de lectura.
- Elaboración de estatísticas para comparación con datos posteriores.
- Memoria fin de curso onde se reflicta se os obxectivos e as funcións dos distintos membros do proxecto foron acadados positivamente.